

I-.

Animaliño inkel, cadela miña,  
pequena Eili de rabo facharrudo,  
cando te miro fico case mudo  
e sinto que a ferida se me estiña.

Ti ládraslle decote, petusiña,  
ó meu cancro feroz e coraxudo,  
e de min foxe a dor, cal lobo rudo,  
perante os teus ladridos, volxiña.

Bendigo a quen te trouxo á miña beira,  
ouh baluga de sangue rumoroso,  
latexante cadela soniqueira.

E bendigo tamén a compañía  
que me fas baixo o sauce ramaloso,  
á porta do casal, onde eu sufria.

II-.

A túa dona foiche miña amiga;  
noutro tempo xangal de viosbardos,  
andaba solitaria ós picos pardos,  
abaneando o seu corpo de espiga.

Tiña os ollos enchidos de saídale,  
talmente coma ti, petusa miña:  
!Brades unha xunta clandestina,  
muller-cadela, moura señariada!

Encontreivos aquela tarde fria  
baixo o ceo grisallo da xabreira  
e déstesme ledicia e más lecer.

Enchésteosme de gozo e agonía  
cando sufria penas e laceira,  
gracias vos dou, cadela e más muller.

III-.

Viñaches de Verín para Santalla  
a amolecer a mágoa que eu tiña,  
zaldareta cadela, cadelicha,  
cativa compañeira de batalla.

Recibinte con gozo (e non con tralla),  
e púxenme a facerche unha maseira,  
mentres ti reloucabaś, brincadeira,  
ou buscabaś condoto entre a framalla.

Amostreiche a Fontela do Muíño,  
a eirexa parroquial, o camposanto:  
!a Lóuzara Xabreira envolta en pranto!

Prometinche querer, dárche cariño,  
atelgarte de vida... E mentres tanto,  
fuxírcame as esidades a modiño.

IV.-

Cadela de nome de ladrón

Perdóname que non saiba tratarte,  
minúscula cadela soñadora...  
Eu son un home rudo. E a cadela teira  
acendésame un xenio de renarte.

De o meu bando, o meu fidalgo querido,

Perdóname se nunca te acaríño,  
cando sobes por miña e, garimosa,  
lambes a miña man dura e callosa,  
agardando palabras e alcumis.

O meu amor faltas de onde náis

Perdóname, petusa, esta vileza  
a bulir nos meus ócos noite e día,  
entre o pouso da miña gran tristeza.

O meu amor rebulir tan santo e fin

E perdona tamén esta cuestión  
de che mirar ós ollos con fixaza,  
só por ver unha nube de alegria.

V-.

Cadeliña de nome feiticeiro,  
garimoso animal da compañía,  
nos teus ollos rebule unha alegría  
se te contempro canso e más tristeiro.

Es o meu nordé, o meu fidel guieiro,  
ouh femia brincadora noite e día;  
asemellas un ser de fantasía:  
talvez ledá mapoula dun trigueiro.

Ogallá nunca faltas de onda min  
nin o demo che faga traxugadas,  
como lle fai decote a cadaquén.

Ogallá o rebulir teu sexa a fin  
de tantas arelanzas maceiradas  
no berengo cotiá: !louco vaivén!

VII.-

Deus a nosso señor deus meu vel

Quero abrirmo en canal cun vil coitelo,  
ou cunha simple folla de afeitar,  
para que ti, cadela do meu lar,  
lambias as miñas chagas sen recelo.

Amigas almeidas deuas e outras tal

Eu non peido vivir a contrapelo,  
furgando na ferida ata sangar,  
lámbeme, pois, cadela familiar,  
lámbeme ti do xeito máis sinxelo.

Libre te serás, patua, nesa vila,

Aínda teño a mágica despida,  
agardando tremente a mol lambida  
dunha lingua de carne como a túa.

Reita quedes descoa espida e sola,

!E para min non existe sol nin lúa  
mentres ti non me lambias rente a rente,  
cadela namorada libremente!.

VII.-

Tes a mesma color deste meu val,  
cando se pousa nel o longo Outono  
pra vestilo co seu traxe de sono,  
marelo, arrubiscado, xogoral...

Abofellas ninguén lembra outro tal:  
unha cadela, sen amos nin donos,  
degraña na valgada seus ensonos  
esponxando a pelaxe señorial.

!Deus te garde, petusa, miña xoia,  
rebuldeira boneca fuxitiva,  
sol dunha natureza sempre viva!

Heite querer decote espida e scia,  
erguendo a túa voz de femia altiva,  
tremente como a flor dunha seuccia.

VIII.-.

Churrusqueira petusa, miña rosa,  
que ceibas na alta noite nordesía  
uns laídos tristeiros de agonía,  
pra axostar unha mágoa soildosa,

eu tamén che padezo pena grosa;  
mais non poido guindala á lonxanía,  
pois trócase todal nunha ardentía  
e cava decotío a miña fosa.

Ben quizera arrombala no faiado,  
xunto ás cousas do tempo antepasado,  
en donde nunca máis manque a ninguén.

Ou quixera escudirme lonxe dela,  
botala río abajo. E, dende a orela,  
eu dicirlle: "!Ogallá che vaia ben!".

IX-.

Anque non sexas máis ca unha cadela,  
eu quérote coa forza da caraxe,  
e contigo percorro, laxe a laxe,  
os millentos carreiros dunha arela.

Imos enmorde; collo a túa trela  
e lévate feliz. (!Que longa viaxe!)

Ti ládralle feroz a quem me aldraxe,  
Eili fermosa, miña donicela.

Son -quizabes- un vello á túa beira...?  
!Non! Eu síntome un mozo camiñante,  
e camiño, camiño cara avante,  
á par de ti, cadela compañeira.

!Que non veña ese dios, sempre aseante,  
a toller esta nosa brincadeira!

X-.

Non te alonxes de min, Eili querida,  
sen deixares eiquí semente túa:  
un petuso faldreiro, cor de lúa,  
pra aledar de contigo a miña vida.

Pois non me afago sen compañía. Olvida,  
xa que logo, a borralla, a cinza crúa,  
e déitate a parir, cal muller núa,  
abaneando o rabo, moi belida.

Pare, cadela, pare sen vergoña,  
pare, pensando en min, coma quen soña  
un rabioso mencer estrelecido.

Pare un fillo que ladre cara o mundo,  
e logo durme o soño tan profundo  
deste meu val de morte salferido.